O ENSINO DO GALEGO COMO LINGUA ESTRANXEIRA

Manuel González González

Non hai dúbida de que o principal factor de identidade que posúe Galicia é a súa lingua. Son moitos os galegos que coidan que a lingua galega é un elemento esencial na conformación da nosa personalidade como pobo, e, segundo os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia, máis do 70 % da poboación considera que, se se deixase de falar galego, perderíase a cultura diferenciada e a identidade de Galicia. Pero na conformación da identidade dos pobos é tamén moi importante o recoñecemento exterior: existimos porque somos, pero tamén porque os demais recoñecen que existimos. De aí a importancia que ten para os galegos dar a coñecer a súa lingua e a súa cultura máis aló dos lindeiros administrativos da Comunidade Autónoma, tanto no resto do Estado español coma nos principais países do mundo.

A difusión exterior da lingua galega, un labor necesario

Hai ademais unha característica que marcou a historia de Galicia dunha maneira moi especial: a emigración. A emigración cara a América ata a década dos 60 do século pasado, e a emigración cara a Europa, a partir desta época. Este fenómeno migratorio ten como consecuencia que unha parte importante da poboación galega e dos seus descendentes estea dispersa por distintos países do mundo aínda hoxe, en tempos en que en Galicia a inmigración supera a emigración.

Por iso a difusión exterior da lingua galega debe atender dúas vertentes nidiamente diferenciadas:

a) dar a coñecer internacionalmente a lingua galega e espertar o interese polo seu estudo, como elemento vehicular dunha cultura;
b) atender as necesidades lingüísticas dos nosos emigrantes e dos seus descendentes, de xeito que non se consideren desenraizados e que manteñan vivos os vencellos coa cultura do seu pobo, independentemente do lugar do planeta en que se atopen.

A proxección exterior da lingua galega é un labor complexo, e abrangue facianas tan diferentes como a promoción nos demais territorios do Estado español, o logro de certo status xurídico e presenza real dentro da Unión Europea, a promoción da cultura nas súas diferentes manifestacións vehiculadas nesta lingua, o fomento do interese internacional pola investigación sobre as múltiplas caras que presenta unha realidade poliédrica como é unha lingua, o fomento da tradución dos nosos escritores a outras linguas, o ensino do galego fóra do territorio que lle é propio etc. É precisamente este último aspecto o que nos ocupa hoxe: o ensino da lingua galega fóra de Galicia, e o que se realiza en Galicia pero orientado a destinatarios de fóra do territorio da nosa Comunidade Autónoma.

Os Centros de Estudos Galegos nas universidades

Moito mudou a situación da lingua galega nas universidades estranxeiras desde que Galicia conta con goberno propio, e, mesmo que falte aínda moito camiño por percorrer,

Táboa 1
Centros de Estudos Galegos nas universidades (2006)

País	CIDADE
Alemaña (4)	Berlín Heidelberg Trier Tubinga
Arxentina	Bos Aires (UBA)
Australia	La Trobe
Brasil (4)	Niteroi Río de Xaneiro Salvador de Baía Fortaleza
Chile	Santiago de Chile
Cuba	A Habana
España (10)	Bilbo Cáceres Granada Madrid (Complutense) Murcia Alacante Barcelona (UB) Barcelona (UAB) Salamanca Gasteiz
Estados Unidos de América	Nova York (City Univ.)
Finlandia	Helsinki
Francia (2)	París III Rennes
Hungría	Budapest
Inglaterra (2)	Birmingham Oxford
Irlanda	Cork
Italia (3)	Padova Perugia Roma (La Sapienza)
Polonia	Cracovia Varsovia
Portugal (4)	Faro Braga Lisboa (Univ. Clásica) Lisboa (Univ. Nova)
Rusia	San Petersburgo
Uruguai	Montevideo

en nada se semella o estado actual de cousas ao que existía a comezos dos anos setenta, cando Harri Meier impartía en Bonn un módulo de galego dentro da materia de Lingüística Románica, ou cando Galina Zenenko facía algo semellante en Moscova, ou cando Antonio Carreño se esforzaba en organizar seminarios de lingua galega na Universidade de Brown nos Estados Unidos.

Despois da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Goberno galego subscribiu, especialmente nas dúas últimas décadas, unha serie de convenios con universidades de distintos países de cara a fomentar o ensino da lingua galega e da súa cultura. Mediante estes convenios creáronse nestas universidades uns Centros de Estudos Galegos, integrados na propia estrutura universitaria, encargados de executar as accións previstas en cada un destes convenios. Aínda que os acordos e estipulacións varían segundo as características de cada universidade e as esixencias de cada Estado, na maioría deles recóllense tres elementos fundamentais:

a) a incorporación do ensino da lingua galega aos programas de estudos da universidade;
b) a apertura dunha sección dedicada ao galego dentro da biblioteca do centro;
c) o desenvolvemento dunha serie de actividades culturais de fomento da lingua e cultura galegas ao longo de cada curso académico (conferencias, xornadas, exposicións, teatro, ciclos de cinema etc.).

Neste momento existen 42 Centros de Estudos Galegos noutras tantas universidades de fóra de Galicia, dos que unha parte importante conta cun lector contratado directamente pola Xunta de Galicia.

O rendemento destes Centros difire moito dunhas universidades a outras, pero algún deles desenvolve unha actividade realmente exemplar non só no ensino da lingua e da cultura de Galicia, senón tamén no fomento da investigación, especialmente a través de memorias de licenciatura e teses de doutoramento referidas á lingua, á literatura e a outros ámbitos da cultura galega.

O galego en centros de ensino non universitario

Existen fóra de España dous centros de ensino non universitario que incorporaron a lingua galega como materia curricular, un deles en Londres e o outro en Bos Aires.

Gráfico 1. Número de cursos non regrados de lingua galega no exterior (evolución entre 1995 e 2005)



O colexio español Vicente Cañada Blanch, en Londres, imparte lingua galega en virtude dun convenio asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación e Cultura do Goberno español, para fomentar o galego naqueles colexios españois de fóra de España nos que exista unha colectividade de pais galegos que demanden o ensino desta lingua para os seus fillos. Neste colexio os alumnos que o soliciten poden cursar estudos de galego no ensino primario e secundario.

Completamente distinto é o status do colexio Santiago Apóstolo de Bos Aires, que depende da Fundación Galicia-América, coa cal o Goberno galego subscribiu un convenio de colaboración. Este colexio, en que o estudo do galego é obrigatorio para todos os alumnos, acolle un número importante de fillos da colectividade galega da capital porteña.

Cursos non regrados de lingua galega no exterior

Este tipo de cursos foi concibido como un servizo destinado principalmente aos emigrantes galegos e aos seus descendentes nos distintos países para tratar de manter vivas neste importante colectivo a lingua e a cultura galegas, e para facilitar a súa integración na Galicia actual no momento en que decidan regresar. Pero dáse a circunstancia de que a eles acode unha porcentaxe cada vez máis alta de persoas non galegas interesadas pola lingua, a literatura e a cultura deste país. Estes cursos impártense xeralmente en dous niveis, un de iniciación e outro de perfeccionamento, e lévanse a cabo na súa maioría nos numerosos Centros Galegos e Casas de Galicia existentes nos países en que a emigración galega tivo unha maior presenza. Desde o ano 1995 ata o ano 2005 impartíronse 868 cursos deste tipo na maioría dos países de América e de Europa occidental.

Os cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros

Desde o ano 1987 desenvolvéronse todos os anos sen interrupción, en Santiago de Compostela, os Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros, coorganizados pola

Gráfico 2. Número de alumnos beneficiarios de cursos non regrados de lingua galega no exterior entre os anos 1999 e 2005



Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago e a Real Academia Galega, e que dirixe desde a súa posta en marcha o catedrático da Universidade de Santiago de Compostela Manuel González González.

Estes cursos están estruturados en tres niveis: iniciación, medio e Curso superior de Filoloxía Galega. Os dous primeiros niveis están orientados a que o alumno consiga unha habilidade e un dominio suficientes, tanto oral coma escrito, da lingua galega, obteña un coñecemento elemental da literatura galega, e coñeza os trazos máis relevantes da nosa cultura. O Curso superior de Filoloxía está estruturado en catro módulos: *a*) gramática; *b*) historia da lingua e sociolingüística; *c*) literatura; *d*) dialectoloxía e estándar. O ensino en todos os niveis está complementado por unha serie de conferencias diarias sobre distintos temas de cultura galega, seguidas dun coloquio. Os alumnos teñen a posibilidade de cada fin de semana de participar nunha excursión a distintos puntos de Galicia, seleccionados polo seu interese artístico, paisaxístico, histórico ou etnográfico.

Os resultados destes cursos foron enormemente positivos, e a súa demanda crece de ano en ano. Polas súas aulas pasou un número importante de profesores de distintas universidades europeas, americanas e asiáticas, algúns deles figuras eminentes da romanística. E entre os seus froitos podemos salientar a formación dun número considerable de profesores de lingua galega en diversas universidades de todo o mundo, un gran número de traballos de investigación sobre a lingua, a literatura, a sociolingüística ou a lexicografía galegas. Da pluma de alumnos destes cursos saíron probablemente as páxinas máis brillantes de sociolingüística galega, a primeira gramática galega escrita en xaponés, unha extraordinaria antoloxía, da que xa se publicaron oito volumes, da literatura galega en ruso, e o primeiro vocabulario galego-finés, por poñer só algúns exemplos.

Unha ollada cara ao futuro

Unha das deficiencias que presentaba o ensino do galego como lingua estranxeira era sen dúbida a inexistencia de niveis homologados internacionalmente. Este problema está en vías de solución desde que Galicia se integrou en ALTE. Esperamos que axiña se adopten os niveis establecidos por esta asociación, ou polo menos algúns deles, e que os diplomas que se expidan de agora en diante se fagan consonte as súas directrices.

É conveniente a creación dun centro ou un instituto de carácter público que canalice todas as iniciativas tendentes ao fomento da lingua galega fóra das nosas fronteiras, para coordinar todos os esforzos e optimizar os recursos. A creación dun instituto destas características, ao que mesmo se lle chegou a poñer nome (Instituto Rosalía de Castro ou Instituto Castelao), está recollida nos progra-

Gráfico 3. Número de alumnos por ano nos cursos de lingua galega para extranxeiros



mas electorais dos dous partidos que integran o Goberno bipartito actual de Galicia, polo que cabe esperar que a súa posta en marcha non se demore demasiado.

Por último, cómpre afondar máis nas relacións co Instituto Cervantes, na liña de acadar sinerxías que favorezan a difusión da lingua española no mundo, pero tamén a das outras linguas de España, tendo en conta a realidade plurilingüe do Estado e que todas as linguas son unha riqueza cultural protexida pola Constitución, que debemos salvagardar e difundir. Neste senso, parece razoable que se establezan acordos entre o Goberno galego e o Instituto Cervantes para que naqueles centros do Instituto Cervantes nos que exista unha demanda razoable de ensino da lingua galega, se poidan contratar profesores capacitados para impartir castelán e galego, se poidan compartir instalacións e, en definitiva, se poida transmitir unha idea de colaboración e a imaxe dun Estado plurilingüe, no cal todas as linguas constitúen un valor cultural que nos enriquece a todos. ■



O director do Instituto Cervantes, César Antonio Molina, e mais o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, asinan o convenio de colaboración entre as duas institucións no mes de febreiro de 2005. © Xosé Castro.

Manuel González González é secretario da Real Academia Galega.

LA ENSEÑANZA DEL GALLEGO COMO LENGUA EXTRANJERA

No hay duda de que el principal factor de identidad que posee Galicia es su lengua. Son muchos los gallegos que piensan que la lengua gallega es el elemento esencial en la conformación de nuestra personalidad como pueblo, y, según los datos del Mapa Sociolingüístico de Galicia, más del 70 % de la población considera que, si se dejara de hablar gallego, se perderían la cultura diferenciada y la identidad de Galicia. Pero en la conformación de la identidad de los pueblos es también muy importante el reconocimiento exterior: existimos porque somos, pero también porque los demás reconocen que existimos. De ahí la importancia que tiene para los gallegos dar a conocer su lengua y su cultura más allá de los límites administrativos de la Comunidad Autónoma, tanto en el resto del Estado español como en los principales países del mundo.

La difusión exterior de la lengua gallega, una tarea necesaria

Hay, además, una característica que marcó la historia de Galicia de una manera muy especial: la emigración. La emigración hacia América hasta la década de los sesenta del siglo pasado y la emigración hacia Europa, a partir de esa época. Este fenómeno migratorio tiene como consecuencia que una parte importante de la población gallega y de sus descendientes esté dispersa por distintos países del mundo todavía hoy, en tiempos en que en Galicia la inmigración supera a la emigración.

Por eso, la difusión exterior de la lengua gallega debe atender dos vertientes claramente diferenciadas:

a) dar a conocer internacionalmente la lengua gallega y despertar el interés por su estudio, como elemento vehicular de una cultura;

b) atender las necesidades lingüísticas de nuestros emigrantes y de sus descendientes, de modo que no se consideren desarraigados y mantengan vivos los vínculos con la cultura de su pueblo, independientemente del lugar del planeta en que se hallen.

La proyección exterior de la lengua gallega es una tarea compleja, y abarca facetas tan diferentes como la promoción en los demás territorios del Estado español, el logro de cierto estatus jurídico y presencia real dentro de la Unión Europea, la promoción de la cultura en sus diferentes manifestaciones vehiculada en esta lengua, el fomento del interés internacional por la investigación sobre las múltiples caras que presenta una realidad poliédrica como es una lengua, el fomento de la traducción de nuestros escritores a otras lenguas, la enseñanza del gallego fuera del territorio que le es propio, etc. Es precisamente este último aspecto el que nos ocupa hoy: la enseñanza de la lengua llevada a cabo fuera de Galicia, y la llevada a cabo en Galicia pero orientada a destinatarios de fuera de Galicia.

Tabla 1
Centros de Estudios Gallegos en las universidades (2006)

País	Ciudad
Alemania (4)	Berlín Heidelberg Tréveris Tubinga
Argentina	Buenos Aires (UBA)
Australia	La Trobe
Brasil (4)	Niteroi Río de Janeiro Salvador de Bahía Fortaleza
Chile	Santiago de Chile
Cuba	La Habana
España (10)	Bilbao Cáceres Granada Madrid (Complutense) Murcia Alicante Barcelona (UB) Barcelona (UAB) Salamanca Vitoria
Estados Unidos de América	Nueva York (City Univ.)
Finlandia	Helsinki
Francia (2)	París III Rennes
Hungría	Budapest
Inglaterra (2)	Birmingham Oxford
Irlanda	Cork
Italia (3)	Padua Perugia Roma (La Sapienza)
Polonia	Cracovia Varsovia
Portugal (4)	Faro Braga Lisboa (Univ. Clásica) Lisboa (Univ. Nova)
Rusia	San Petersburgo
Uruguay	Montevideo

Los Centros de Estudios Gallegos en las universidades

Mucho ha evolucionado la situación de la lengua gallega en las universidades extranjeras desde que Galicia cuenta con gobierno propio, y, aunque todavía queda mucho camino por recorrer, en nada se parece el estado actual de cosas al que existía a comienzos de los años setenta, cuando Harri Meier impartía en Bonn un módulo de gallego dentro de la materia de Lingüística Románica, o cuando Galina Zenenko hacía algo se-

mejante en Moscú, o cuando Antonio Carreño se esforzaba en organizar seminarios de lengua gallega en la Universidad de Brown en Estados Unidos.

Después de la aprobación del Estatuto de Autonomía de Galicia, el Gobierno gallego suscribió en las dos últimas décadas una serie de convenios con universidades de distintos países de cara a fomentar la enseñanza de la lengua gallega y de su cultura. Mediante estos convenios se crearon en estas universidades unos Centros de Estudios Gallegos, integrados en las propias universidades, que son los responsables de ejecutar las acciones previstas en cada uno de estos convenios. Aunque los acuerdos y estipulaciones varían según las características de cada universidad y las exigencias de cada Estado, en la mayoría de ellos se recogen tres elementos fundamentales:

a) la incorporación de la enseñanza de la lengua gallega a los programas de estudios de la universidad;
b) la apertura de una sección dedicada al gallego dentro de la biblioteca del centro;
c) el desarrollo de una serie de actividades culturales de fomento de la lengua y la cultura gallegas a lo largo de cada curso académico (conferencias, jornadas, exposiciones, teatro, ciclos de cine, etc.).

En este momento existen 42 Centros de Estudios Gallegos en otras tantas universidades de fuera de Galicia, de los que una parte importante cuenta con un lector contratado directamente por la Xunta de Galicia.

El rendimiento de estos centros difiere mucho de unas universidades a otras, pero alguno de ellos desarrolla una actividad realmente ejemplar no sólo en la enseñanza de la lengua y de la cultura de Galicia, sino también en el fomento de la investigación, especialmente a través de memorias de licenciatura y tesis doctorales, sobre la lengua, la literatura y otros ámbitos de la cultura gallega.

El gallego en centros de enseñanza no universitaria

Existen fuera de España dos centros de enseñanza no universitaria que han incorporado la lengua gallega como materia curricular, uno de ellos en Londres y el otro en Buenos Aires.

El colegio español Vicente Cañada Blanch, en Londres, imparte lengua gallega en virtud de un convenio firmado entre la Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de la Xunta de Galicia y el Ministerio de Educación y Cultura del Gobierno español, para fomentar el gallego en aquellos colegios españoles de fuera de España en los que exista un colectivo de padres gallegos que demanden la enseñanza de esta lengua para sus hijos. En este colegio los alumnos que lo soliciten pueden cursar estudios de gallego en la enseñanza primaria y secundaria.

Completamente distinto es el estatus del colegio Santiago Apóstol de Buenos Aires, que depende de la Fundación Galicia-América, con la que el Gobierno gallego ha suscrito un convenio de colaboración. Este colegio, donde el estudio del gallego es obligatorio para todos los alumnos, acoge a un número importante de hijos de la comunidad gallega de la capital porteña.

Cursos no reglados de lengua gallega en el exterior

Este tipo de cursos fueron concebidos como un servicio destinado principalmente a los emigrantes gallegos y a sus descendientes en los distintos países, para tratar de mantener vivas en este importante colectivo la lengua y la cultura gallegas, y para facilitar su integración en la Galicia actual en el momento en que decidan regresar. Pero se da la circunstancia de que a ellos acude un porcentaje cada vez más alto de personas no gallegas interesadas por la lengua, la literatura y la cultura de este país. Estos cursos se imparten generalmente en dos niveles, uno de iniciación y otro de perfeccionamiento, y se desarrollan en su mayoría en los numerosos Centros Gallegos y Casas de Galicia existentes en los países en los que la emigración gallega tuvo una mayor presencia. Desde el año 1995 hasta el año 2005 se impartieron 868 cursos de este tipo en la mayoría de los países de América y de Europa occidental.

Los cursos de lengua y cultura gallegas para extranjeros

Desde el año 1987 se han desarrollado todos los años sin interrupción, en Santiago de Compostela, los *Cursos de lingua e*

Gráfico 1. Número de cursos no reglados de lengua gallega en el exterior (evolución entre 1995 y 2005)



cultura galegas para estranxeiros, coorganizados por la Dirección Xeral de Política Lingüística de la Xunta de Galicia, la Universidad de Santiago y la Real Academia Galega, y que dirige desde su puesta en marcha Manuel González González, catedrático de la Universidad de Santiago de Compostela.

Estos cursos están estructurados en tres niveles: iniciación, medio y Curso superior de Filología Gallega. Los dos primeros niveles están orientados a que el alumno consiga una habilidad y dominio suficientes, tanto oral como escrito, de la lengua gallega, obtenga un conocimiento elemental de la literatura gallega, y conozca los rasgos más importantes de nuestra cultura. El Curso superior de Filología está estructurado en cuatro módulos: *a*) gramática; *b*) historia de la lengua y sociolingüística; *c*) literatura; *d*) dialectología y estándar. La enseñanza en todos los niveles está complementada por una serie de conferencias diarias sobre distintos temas de cultura gallega, seguidas de un coloquio. Los alumnos disfrutan cada fin de semana de una excursión a distintos puntos de Galicia interesantes desde el punto de vista artístico, paisajístico, histórico o etnográfico.

Los resultados de estos cursos han sido enormemente positivos y su demanda crece cada año. Por sus aulas ha pasado un número importante de profesores de distintas universidades europeas y americanas, algunos de ellos figuras eminentes de la romanística. Y entre sus frutos podemos destacar la formación de un número considerable de profesores de lengua gallega en diversas universidades de todo el mundo, y un gran número de trabajos de investigación sobre la lengua, la literatura, la sociolingüística o la lexicografía gallegas. De la pluma de alumnos de estos cursos salieron probablemente las páginas más brillantes de sociolingüística gallega, la primera gramática gallega escrita en japonés, una antología extraordinaria de la literatura gallega en ruso de la que se han publicado ya ocho volúmenes y el primer vocabulario gallego-finés, por poner sólo algunos ejemplos.

Una mirada hacia el futuro

Una de las deficiencias que presentaba la enseñanza del gallego como lengua extranjera era sin duda la inexistencia de niveles homologados internacionalmente. Este problema está en vías de solución desde que Galicia se integró en ALTE. Esperemos que pronto se adopten los niveles establecidos por esta asociación, o algunos de ellos, y que los diplomas que se expidan a partir de ahora sigan sus directrices.

Es conveniente la creación de un centro o un instituto de carácter público que canalice todas las iniciativas tendentes al

Gráfico 2. Número de alumnos beneficiarios de los cursos no reglados de lengua gallega en el exterior entre los años 1999 y 2005



Gráfico 3. Número de alumnos por año en los cursos de lengua gallega para extranjeros



fomento de la lengua gallega fuera de nuestras fronteras, para coordinar todos los esfuerzos y optimizar los recursos. La creación de un instituto de estas características, al que incluso se ha llegado a proponer nombre (Instituto Rosalía Castro o Instituto Castelao), está recogida en los programas electorales de los dos partidos que integran el Gobierno bipartito actual de Galicia, por lo que cabe esperar que su puesta en marcha no se demore demasiado.

Por último, es necesario profundizar más en las relaciones con el Instituto Cervantes, en la línea de lograr sinergias que favorezcan la difusión de la lengua española en el mundo, pero también la de las otras lenguas de España, teniendo en cuenta la realidad plurilingüe del Estado y que todas las lenguas son una riqueza cultural protegida por la Constitución, que debemos salvaguardar y difundir. Y, en este sentido, me parece razonable que se llegue a acuerdos entre el Gobierno gallego y el Instituto Cervantes para que en aquellos centros del Instituto Cervantes en que exista una demanda razonable de enseñanza de la lengua gallega, se pueda contratar a profesores capacitados para impartir castellano y gallego, se puedan compartir instalaciones y, en definitiva, se pueda transmitir una idea de colaboración y la imagen de un Estado plurilingüe, en el que todas las lenguas son un valor cultural que nos enriquece a todos. ■

Manuel González González es secretario de la Real Academia Galega.